

PARÍS, DISTRITO 13

Jacques Audiard, 2021

912

ESTREA EN NUMAX: 08.04.2022 | V.O.S.E. | +16

París, distrito 13. Émilie coñece a Camille, que se sente atraído por Nora, que, á súa vez, cruza no camiño de Amber. Tres mozas e un rapaz. Son amigos, ás veces amantes e, a miúdo, as dúas cousas.

Filme subtitulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

«Prodixio. Un traballo tan sinxelo como efectivo e ben narrado; emotivo e pletórico. Ao cinema de Audiard sénteselle respirar»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Jacques Audiard: «Despois d'Os irmáns Sisters quixen facer o oposto, con personaxes urbanos e un perímetro limitado»

Por que elixiches Les Olympiades para o título orixinal do filme? Olympiades é un barrio de rañaceos no centro do distrito 13 de París, entre a rúa de Tolbiac e a avenida d'Ivry. Este barrio xurdiu por un programa de rehabilitación que tivo lugar nos anos 70, de aí que a súa homoxeneidade arquitectónica sexa moi visible. Como tributo aos Xogos Olímpicos de Inverno de 1968 en Grenoble, cada torre leva o nome dunha cidade que tiña acollido os Xogos: Sapporo, México, Atenas, Helsinki, Toquio... e as rúas levan os nomes de deportes olímpicos: rue du Javelot [xavelina], rue du disque [disco]...

Olympiades é un barrio moi orixinal, exótico e animado cunha abrainte mestura social e cultural. Alí viven os personaxes do filme e alí se cruzan os seus camiños. O termo olympiades tamén é unha referencia ás fazañas atléticas e se pensan en termos sexuais, tamén pode referirse aos logros dos personaxes.

O guión é unha adaptación de tres relatos do escritor estadounidense de novelas gráficas Adrian Tomine. Que che gustou do seu universo e como elixiches as historias que ías adaptar? As narrativas de Tomine son concisas, pegadas á realidade, con personaxes perdidos e en busca de algo que non saben definir. Gustáronme todos eses aspectos. Ademais, os seus debuxos son moi sinxelos e impactantes, non distraen da narrativa e semellan feitos para o cinema, case como un *storyboard*. Ademais, na liña de Eric Rohmer, Adrian Tomine tamén é un moralista, ao final dos seus relatos os personaxes parecen ter aprendido algo sobre a vida e sobre si propio.

Como se che ocorreu a idea do filme? Que che sucedeu para que un día espertases e dixeses: "Hoxe vou adaptar tres relatos de Tomine"? Cada vez teño máis a impresión de que a expresión "buscar un bo tema" non ten moito sentido e que buscar un tema é a forma máis segura de non atopalo nunca ou, no mellor dos casos, de atopar un mal tema. Non buscas un tema, pero pensas en formas e patróns compostas por luces, ritmos, cores, sons, tipos de personaxes e temáticas. Por exemplo, despois de facer Os irmáns Sisters empecei a pensar de forma natural en algo totalmente oposto, unha historia urbana con personaxes de cidade e un perímetro limitado. E un día, un amigo faloume da obra de Adrian Tomine coa que non estaba familiarizado. Lina e todas esas casas que rondaban a miña cabeza empezaron a cristalizar e pouco a pouco todo se converteu en *París, distrito 13*.

Pero, por riba de todo, é un filme sobre a xuventude. É certo que xa non son adolescentes. Os catro protagonistas son mozos adultos que xa teñen certa experiencia de vida e que se van encontrar e amar. Todos teñen vida social, non son ermitaños. Tres están na trintena e xa teñen dificultades para atopar vivenda ou traballo, atravesan crises profesionais e son incapaces de definir a súa sexualidade e menos aínda de ter unha relación. Están nese punto, como as almas perdidas dos retratos de Tomine. Todos os personaxes enfróntanse á desilusión, pero no bo sentido da palabra porque antes se estaban a enganar a si mesmos. As experiencias que van vivir abriránlles os ollos a quen son en realidade, o que queren e o que aman de verdade.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Intrusos,
Adrian Tomine.
Sapristi, 2016

La soledad del dibujante,
Adrian Tomine.
Sapristi, 2020

Sonámbulo y otras historias,
Adrian Tomine.
La Cúpula, 2018